

CONVOCATORIA DE PROBA PARA A AMPLIACIÓN DE LISTAXES DE CONTRATACIÓN NA CATEGORÍA DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN NA CORPORACIÓN DE SERVICIOS AUDIOVISUAIS DE GALICIA S.A.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Corporación de Servicios Audiovisuais de Galicia, S. A. (CSAG) precisa proceder con carácter inmediato á convocatoria dunha proba para a ampliación das listaxes na categoría de Técnico/a de Administración, para cubrir as necesidades de persoal na categoría debido á insuficiencia de recursos dispoñibles.

Dado o carácter urxente e inaplazable desta necesidade, aplicarase o procedemento de urxencia previsto no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de reducir á metade os prazos ordinarios establecidos para a tramitación da convocatoria.

Este procedemento permitirá axilizar a dispoñibilidade de persoal cualificado e garantir a continuidade do servizo público en condicións óptimas.

1. OBXECTO

Selección dunha (1) persoa para a ampliación de listaxes de contratación temporal na categoría de Técnico/a de Administración para cubrir as necesidades existentes na Corporación de Servicios Audiovisuais de Galicia S.A.

2. PUBLICIDADE

A convocatoria, listaxes e o calendario de celebración das probas publicaranse na páxina web da CSAG, <https://www.csag.gal/gl/ofertas-de-emprego>, medio polo que se xestionarán todas as comunicacións relacionadas co desenvolvemento do proceso selectivo.

O anterior sen prexuízo da publicación noutros medios coa finalidade de dar publicidade á convocatoria.

3. CATEGORÍA LABORAL

A categoría engloba ás persoas que posúen suficiente experiencia técnica e práctica, dominio do idioma galego e está especializado/a no sector administrativo, contable, financeiro, económico, comercial, de persoal, publicidade ou organización. Colabora cos seus superiores na posta en práctica, execución e control de directrices e normas de funcionamento. Supervisa traballos de complexidade diversa e realiza análises do sector relacionadas co seu posto de traballo.

4. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para poder presentarse ao proceso de selección, será obrigatorio o cumprimento dos seguintes requisitos á fin do prazo de presentación de solicitudes:

4.1. Requisitos xerais:

4.1.1. Ter cumprido 16 anos de idade.

4.1.2. Ser persoa nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou dalgún estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras. Tamén poderá participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, a persoa cónxuxe dos/das españois/las, das persoas nacionais dalgún dos estados membros da Unión Europea, cando así o prevexa o correspondente tratado, e das persoas nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras, sempre que non estean separados/as de dereito, e tamén os seus/súas descendentes e os do seu/súa cónxuxe menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.

4.1.3. Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

4.1.4. Non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario de ningunha Administración Pública, dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin encontrarse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trata de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de ser persoa nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

2. Requisitos Específicos:

Estar en posesión da titulación do **Ciclo formativo de grao superior en Administración e finanzas ou equivalente**. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

5. TRIBUNAL

5.1. O tribunal encargado de valorar as probas estará formado polas seguintes persoas:

- Jorge Varela Fernández (xefe de servizo de coordinación e apoio xurídico, presidente)
- Isabel Vázquez Rodríguez (xefa de sistemas de información e diálogo social), vogal.
- Paulino Novo Folgueira (asesor lingüista da CSAG), vogal
- Secretaría: Mercedes Blasco Zas (Xefa do Servizo de Formación e Selección da CSAG)

5.2. O desenvolvemento do proceso realizarase consonte ao principios de igualdade, mérito e capacidade, publicidade, concorrencia competitiva, transparencia e deberase garantir o segredo das probas.

5.3. As persoas membros do órgano de selección asinarán unha declaración de non atoparse incursas en ningún dos motivos previstos no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público. Se á vista das listaxes de participantes observasen que concorren neles algúns dos citados motivos deberán absterse de participar e notificaranllo á persoa que efectuou o nomeamento.

As persoas aspirantes poderán recusar ás persoas que integran o tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias referidas no parágrafo anterior consonte ao establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A autoridade que convoca publicará na páxina web da CSAG (www.csag.gal) a resolución correspondente pola que se nomeen as novas persoas membros do tribunal que substituirán ás que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas nesta base.

5.4. Adoptaranse os medios necesarios para que as persoas aspirantes cunha discapacidade igual ou superior ao 33% que precisen adaptacións poidan desenvolver as probas en condicións de igualdade.

5.5. A persoa coa condición de lingüista encargarse de elaborar e cualificar en exclusividade a proba de galego. O resto das persoas que compoñen o tribunal encargaranse da elaboración e puntuación do resto das probas, coa excepción da persoa que ostente a secretaría, que non elaborará as probas nin as puntuará.

5.6. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoas coa condición de asesoras especialistas para todas o algunha das probas, que se limitarán ao exercicio exclusivo das súas especialidades técnicas, polas que colaborarán co órgano de selección. Deberán absterse de participar cando concorran as circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público e notificaranllo ao órgano que convoca.

6. PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN E LISTAXES DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

6.1. As persoas aspirantes deberán enviar por correo electrónico ao enderezo proceso.seleccion@csag.gal unha solicitude, segundo modelo do anexo I, e a documentación que se indica a continuación:

6.1.1. Curriculum vitae.

6.1.2. Fotocopia do DNI.

6.1.3. Acreditación do requisito académico solicitado no que conste a nota media do expediente (certificado do título ou similar).

As persoas que no momento da publicación da presente convocatoria estivesen prestando servizos na CSAG na mesma categoría non terán que presentar a documentación acreditativa do cumprimento do requisito de titulación.

6.1.4. Certificado correspondente ao nivel de coñecemento de lingua galega do Celga 3 ou superior.

6.1.5. As persoas aspirantes cun grao de discapacidade acreditada igual ou superior ao 33%, deberán facer constar no anexo I se precisan de adaptación de tempo e/ou medios para a realización da proba e achegar o certificado da discapacidade onde conste o grao.

6.2. O prazo de recepción de solicitudes remata o **1 de outubro de 2025**.

6.3. As persoas que posúan o Celga 3 estarán exentas da realización da proba de galego. Para a acreditación deberán achegar o certificado xunto á solicitude.

6.4. As persoas solicitantes que non achegaran a documentación requirida quedarán excluídas do proceso.

6.5. O tribunal publicará na páxina web de CSAG a listaxe provisional de persoas admitidas entre as aspirantes que cumpran todos os requisitos e presenten toda a documentación e seleccionará os sete (7) expedientes con maior nota media.

As persoas que teñan acreditado un ano de experiencia laboral na mesma categoría na CSAG ou teñan superado a fase de oposición dun proceso selectivo convocado para a categoría para o ingreso como persoal laboral fixo da CSAG poderán acceder á realización das probas aínda que non figuren dentro do límite establecido para os expedientes con maior nota media.

Contra estas listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas poderanse presentar alegacións ou emendas do defecto que motivou a exclusión no prazo de tres (3) días naturais, a contar desde a publicación das listaxes. Non se poderán presentar solicitudes fóra do prazo sinalado para o efecto.

As alegacións serán enviadas ao enderezo electrónico proceso.seleccion@csag.gal. O tribunal resolverá as alegacións presentadas no prazo máximo de tres (3) días naturais, e publicará a continuación a listaxe definitiva de persoas admitidas na páxina web da CSAG. Xunto coa listaxe definitiva publicarase a relación de persoas exentas de realizar a proba de

coñecemento de lingua galega por ter acreditado estar en posesión do Celga correspondente.

7. REALIZACIÓN DAS PROBAS

7.1. Poderanse presentar ás probas as persoas que figuren na listaxe definitiva de persoas admitidas.

A data de realización de todas as probas será acordada polas persoas membros do Tribunal. A mencionada data anunciarase na páxina web da CSAG no momento de publicación da listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas.

As persoas aspirantes deberán estar á hora que anunciará na entrada das instalacións da CSAG e presentar o DNI ou outro documento acreditativo da súa identidade.

7.2. A valoración de coñecementos farase a través das seguintes probas, todas elas obrigatorias e eliminatorias:

7.2.1. Proba teórica tipo test (40 puntos)

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de corenta preguntas (40) preguntas tipo test, propostas polo tribunal, máis catro (4) preguntas de reserva, sobre o contido do programa recollido como Anexo II.

Cada pregunta conterá catro respostas alternativas das que só unha delas será a correcta. As respostas incorrectas penalizarán un cuarto (1/4) dunha pregunta correcta e as non contestadas non puntúan nin reciben penalización.

O exercicio terá unha duración máxima de sesenta (60) minutos e cualificarase de cero (0) a corenta (40) puntos. Entenderase que superan o exercicio as persoas aspirantes que acaden un mínimo de vinte (20) puntos unha vez efectuados os descontos.

7.2.2. Exercicios prácticos (60 puntos)

1. Exercicio sobre o coñecemento e manexo dos paquetes ofimáticos na contorna MS Office (folla de cálculo e procesador de textos) (15 puntos):

Este exercicio consistirá en contestar por escrito un cuestionario de quince (15) preguntas tipo test, máis dúas (2) de reserva sobre o coñecemento e manexo de word e excel.

Cada pregunta conterá catro respostas alternativas das que só unha delas será a correcta. As respostas incorrectas penalizarán un cuarto (1/4) dunha pregunta correcta e as non contestadas non puntúan nin reciben penalización.

O exercicio terá unha duración máxima de trinta (30) minutos e cualificarase de cero (0) a quinde (15) puntos. Entenderase que superan o exercicio as persoas aspirantes que acaden unha puntuación mínima de oito (8) puntos unha vez efectuados os descontos.

2. Exercicio práctico sobre as materias relacionadas co programa (45 puntos):

Consistirá en resolver un caso práctico sobre unha ou varias das materias relacionadas co programa (Anexo II).

O exercicio terá unha duración máxima de corenta (40) minutos e cualificarase de cero (0) a corenta e cinco (45) puntos. Entenderase que superan o exercicio as persoas aspirantes que acaden unha puntuación mínima de vinte tres (23) puntos.

7.2.3. Un exercicio tipo test de coñecemento de lingua galega

Esta proba, de carácter eliminatorio, terá un grao de dificultade consonte ao programa do certificado Celga 3 e as súas cualificacións serán unicamente de apto ou de non apto. Para ter a cualificación de apto deberán obter unha puntuación mínima de 5 puntos sobre 10. A cualificación de non apto significará a exclusión do proceso. Estarán exentos de realizar esta proba as persoas aspirantes que acrediten a posesión do certificado Celga correspondente. En caso de non acreditar a posesión do nivel correspondente de Celga, a non superación da proba de lingua galega significará a eliminación do proceso.

Quedarán eliminadas as persoas aspirantes que non acaden a cualificación mínima en cada unha das probas, sen contar a proba de lingua galega. A orde de prelación das persoas aspirantes virá determinada pola suma das cualificacións de todas as probas.

8. RESULTADO DAS PROBAS REALIZADAS

O tribunal publicará a listaxe de puntuacións provisionais das probas na páxina web de CSAG.

As persoas aspirantes poderán presentar alegacións contra eses resultados provisionais de cada proba no prazo de tres (3) días naturais desde a súa publicación. As alegacións enviaranse ao enderezo electrónico proceso.seleccion@csag.gal.

O tribunal resolverá as alegacións presentadas nun prazo máximo de tres (3) días naturais, publicando a continuación a listaxe definitiva de puntuacións.

9. CRITERIOS DE PRELACIÓN PARA RESOLVER EMPATES

Para os efectos de confeccionar a listaxe definitiva de persoas aprobadas no suposto de que se produza un empate entre dúas ou máis persoas aspirantes, a orde de prelación virá dado pola aplicación dos seguintes criterios de desempate:

1º. Aspirante de sexo feminino, cando na categoría se dean as condicións de infrarrepresentación previstas na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

2º. Aspirante que tivese maior puntuación no exercicio práctico.

3º. Aspirante que tivese maior puntuación no exercicio teórico.

4º. Aspirante de maior idade.

5º. Aspirante elixido por sorteo, para o caso de persistir o empate.

10. RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

10.1 O tribunal publicará na páxina web de CSAG a listaxe provisional de persoas aprobadas, contra a que se poderán presentar alegacións no prazo de cinco (5) días naturais a contar desde a súa publicación.

10.2. O tribunal resolverá as alegacións presentadas nun prazo máximo de cinco días desde a finalización do prazo de presentación de alegacións e publicará a continuación a listaxe definitiva de puntuacións, especificando quen superou/superaron o proceso, que non poderá superar o número de aspirantes nos que se pretende ampliar a listaxe.

10.3. As persoas que superen o proceso de selección serán automaticamente incluídas na listaxe de contratación temporal correspondente á categoría convocada, segundo as seguintes disposicións:

10.3.1. A ampliación de listaxe de contratación ao abeiro desta convocatoria será válida aos efectos de cubrir as necesidades de contratación temporal da CSAG na categoría indicada, sen que xere efecto ningún na adquisición de indefinición ou fixeza laboral.

10.3.2. As persoas que superasen o proceso, sen exceder do número máximo que figure na convocatoria incluíranse na listaxe pola orde acadada e sempre a continuación da última persoa que figure na listaxe derivada das OPE celebradas. Estas persoas manterán o seu posto na listaxe.

10.3.3. Esta listaxe será de aplicación para as contratacións temporais realizadas a través deste procedemento e terá vixencia ata a resolución de novas Ofertas Públicas de Emprego.

10.4. As persoas seleccionadas deberán posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que se derivan do correspondente contrato laboral. Só para estes efectos, a CSAG poderá esixir ás persoas seleccionadas un informe sobre o estado de saúde que acredite que a persoa aspirante non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

No caso de que a persoa aspirante seleccionada non acredite contar con estes requisitos, declinarase a proposta a favor da persoa seguinte con maior puntuación.

11. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos facilitados polas persoas aspirantes serán tratados pola Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia S. A. (CSAG), entidade prestadora do servizo de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, con domicilio social en Bando, San Marcos, s/n, Santiago de Compostela.

Os datos persoais facilitados no currículo e aqueles outros que se faciliten durante o proceso de selección serán tratados co fin de valorar e xestionar as solicitudes de emprego e, se é o caso, levar a cabo as actuacións necesarias para a selección e contratación de persoal e, agás que a persoa interesada indique a súa vontade en contra, serán conservados cos fins indicados durante todo o período das prácticas, e da vixencia da listaxe de contratación se fose o caso, polo que será responsabilidade das persoas interesadas mantelos actualizados, xa que serán utilizados para comunicar as futuras vacantes que se axusten ao perfil e poidan resultar do interese das persoas aspirantes.

Ás persoas aspirantes daráselles unha folla de consentimento voluntario de tratamento de datos, informándolles de que os datos das persoas interesadas serán tratados sobre a base do seu consentimento, que pode retirar en calquera momento, suposto no que a súa candidatura poderá non ser tida en conta nos procesos de selección de persoal da CSAG. No caso de retirar o seu consentimento, iso non afectará á licitude dos tratamentos efectuados con anterioridade.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2025

P.A.



CORPORACION
DE SERVIZOS
AUDIOVISUAIS
DE GALICIA

Departamento de
Xestión das Persoas

Víctor Tubío Villar

Director do Departamento de Xestión das Persoas
Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S. A.

**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN PARA
AMPLIACIÓN DE LISTAXES DE CONTRATACIÓN NA CATEGORÍA DE TÉCNICO/A
DE ADMINISTRACIÓN**

ANEXO I

Nome e apelidos	
Nº DNI, NIE...	
Enderezo	
Enderezo electrónico	
Teléfono	

Grao de discapacidade	
Adaptación de tempo e/ou medios	

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA	
	Curriculum vitae
	Fotocopia DNI
	Acreditación da titulación e da nota media do expediente
	Certificado de discapacidade
	Certificado de estar en posesión do nivel do Celga requirido
	Declaración responsable

En _____ a _____

Asdo: _____

ANEXO II

PROGRAMA DO PROCESO SELECTIVO

- Lei 1/2025, de 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisuais de Galicia para a sociedade dixital.
- Real Decreto 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Decreto Lexislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia. Título Preliminar, Títulos I, II, III (capítulos I, II, III e V).
- Orde EHA/1037/2010, do 13 de abril, pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública (Primeira parte).
- Convenio Colectivo da Corporación SAG. Resolución de 17 de agosto de 2015, DOG nº167.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto dos Traballadores: Título I.
- Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido la lei xeral de Seguridade Social: Título I Capítulos I, II, III e IV.
- Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Título preliminar, Título I Capítulos I e II e Título II.

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE

_____ con DNI _____, declaro:

- Ter experiencia laboral dun ano na CSAG na categoría convocada neste proceso
- Ter superada a fase de oposición dun proceso selectivo convocado para a categoría para o ingreso como persoal laboral fixo da CSAG

E para que así conste e para os efectos da participación no presente proceso de selección, asino a presente declaración en

_____ o ____ de _____
do _____ .

